



RESOLUCIÓN DA 10ª PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 NA MODALIDADE DE CONCERTO

Expediente núm.: PA 3/2010 Lote 1

Asunto: Resolución da prórroga do contrato. 10ª

ANTECEDENTES

1. No momento actual atópase vixente o contrato que deseguido se detalla:

Expediente	Entidade	Data inicio contrato	Data fin contrato
PA 3/2010 Lote 1	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	06/04/2010	31/12/2010

2. O prazo de execución do contrato, esténdese ata o 31 de decembro de 2021.
3. Segundo o sinalado na memoria económica explicativa da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade propón a 10ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.
4. No expediente consta a aceptación da prórroga proposta, nos termos que nesta resolución se recollen, asinada polo seu representante legal.
5. A Asesoría Xurídica informa favorablemente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Que a Consellería de Política Social é o departamento competente de conformidade coa habilitación que lle outorga o Decreto 216/2020, do 3 de decembro (DOG núm. 253 do 17 de decembro do 2020), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
2. Que as necesidades que, no seu momento, motivaron a contratación, permanecen vixentes.
3. Que sendo de aplicación as previsións en materia de contratación, segundo as que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixéndose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder a súa duración do 5 de abril de 2035.





4. Que as cláusulas administrativas particulares que rexen as contratacións, prevén unha prórroga de mutuo acordo nos termos previstos na lexislación vixente.

Vistos os antecedentes e fundamentos xurídicos citados, os preceptos legais sinalados e no uso das facultades que teño atribuídas polo artigo 1 da orde do 3 de marzo do 2016, sobre delegacións de competencias nos órganos superiores e nos xefes/as dos departamentos territoriais desta consellería (DOG nº 54, do 18/03/2016), consonte á disposición adicional 2ª do Decreto 130/2020, do 17 de setembro,

RESOLVO:

Autorizar a 10ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 NA MODALIDADE DE CONCERTO, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, de acordo co detalle seguinte:

Expediente /Lote	Tipo de prazas	Núm. prazas	Día/ Mes	Tipoloxía	Núm. días	Prezo unitario	Prezo admón	TOTAL	Data revisión	Código proxecto
PA 3/2010 L1	Atención diúrna	35	Mes	Media Pensión	220	1.096,82	902,46	379.033,20		2006 435
PA 3/2010 L1	Transporte	35	Día	Media Pensión	220	9,25	8,32	64.064,00		2009 250
PA 3/2010 L1	Compensación transporte (Grupo I)		Día	Medidas especiais de accesibilidade	220	3,94	3,94	7.851,47		2009 250
PA 3/2010 L1	Compensación transporte (Grupo II)		Día	Medidas especiais de accesibilidade	220	17,39	17,39	11.288,02		2009 250

A prórroga financiarase no importe total de 462.236,69 euros, para o que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, de acordo coa seguinte desagregación orzamentaria:

- **Servizos asistenciais:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2006 435) 379.033,20 €
- **Servizos de transporte:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 64.064,00 €
- **Servizos compensación transporte (Grupo I):** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 7.851,47 €
- **Servizos compensación transporte (Grupo II):** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 11.288,02 €

Contra a presente resolución, que esgota á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben interpoñer o recurso potestativo, no prazo dun mes, ante o órgano de contratación.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Política Social

P.D. (Art. 1 da Orde do 03/03/2016)

A secretaria xeral técnica

